

NORMATIVA DO TRABALLO FIN DE GRAO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE. UNIVERSIDADE DE VIGO, CAMPUS DE PONTEVEDRA

(aprobada en Xunta de Centro de 05.07.2017)

PREÁMBULO

O Real Decreto *1393/2007*, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais dispón nas Directrices para o deseño de títulos de Graduado (art. 12) que estas concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grao (en diante, TFG) orientado á avaliación de competencias asociadas ao Título.

As Memorias dos Títulos de Grao que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (en diante, FCCED), avaliadas positivamente pola ANECA, inclúen a elaboración e exposición do referido TFG por parte do alumnado do último curso dos planos de estudos e dispón que o Centro aprobará unha normativa interna para a súa xestión.

O Real decreto *861/2010*, do 2 de xullo, que modifica o R. O *1393/2007*, do 29 de outubro, especifica que non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado.

Así mesmo, o Consello de Goberno aprobou, na súa sesión de 14 de novembro de 2011, o *Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao* (en adiante RTFG), que recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao. Este foi revisado e actualizado, quedando derogado por o *Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao* aprobado en Consello de Goberno con data 17 de xullo de 2015.

Para dar cumprimento ao anterior elaborouse a presente Normativa.

ART. 1: OBXECTO

A presente Normativa ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación, revisión e tramitación administrativa do TFG nos Graos que se imparten na FCCED.

ART. 2: DEFINICIÓN DO TFG

1. O TFG fai parte dos planos de estudos de todo título oficial de Grao. Nos Graos que se imparten na FCCED equivalen a 6 ECTS no Grao en Educación Infantil, Grao en Educación Primaria e Grao en CC. da Actividade Física e do Deporte. Deberá ser realizado de xeito persoal e autónomo polo alumnado, seguindo as orientacións dunha titora ou titor académico.
2. O TFG estará orientado a que o alumnado mostre a capacidade de integración de diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título, axustándose ao contemplado en cada unha das memorias respectivas dos graos e á súa concreción nas guías docentes.
3. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo estudante nalguna materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos en actividades doutras materias do Grao.
4. O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da titora académica facilitar a xestión.

5. A avaliación do TFG será responsabilidade dun tribunal constituído de acordo co establecido no art. 6. Porén, en atención ás circunstancias especiais a dirección do centro poderá determinar fórmulas alternativas de avaliación.

ART. 3: MATRÍCULA

1. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao, dando dereito a dúas oportunidades de avaliación.

ART. 4: TITORIZACIÓN DO TFG

1. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso até a presentación e defensa do traballo de fin de grao
2. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da FCCED, así como, excepcionalmente, outros docentes tanto da nosa como doutras Universidades. No caso de que non sexa profesora ou profesor da FCCED levarase a cabo en réxime de co-titoría, sendo un dos titores/as docente da Facultade.
3. Sexa como for, garantiráselle a todo o estudantado matriculado no TFG a titorización correspondente, estando consideradas as tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG como obrigas docentes do profesorado, establecendo a Universidade de Vigo a forma do seu recoñecemento.
4. Se a elaboración do TFG requirise a implicación de profesionais pertencentes a organismos ou entidades públicas ou privadas, estes profesionais poderán participar e colaborar no proceso de titorización.

ART. 5: AUTORÍA

1. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.

ART. 6: PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA TFG

1. O profesorado da Facultade presentará perante a dirección do centro as propostas temáticas para a realización de TFG, dentro do establecido no calendario que se presente a tal efecto, especificando a titulación ou titulacións ás que van dirixidas.
2. O alumnado tamén poderá presentar propostas temáticas non recollidas no apartado anterior, podendo ser asumidas, ou non, por algún docente en calidade de titor ou titora.
3. A dirección do centro poderá recibir propostas temáticas procedentes de institución ou servizos alleos ao centro ou á Universidade. Tal proposta debe ser avalada por algún docente do centro, que actuará como titor ou co-titor.
4. Sempre que a Facultade dispoña dela, este proceso realizarase mediante aplicación informática.

ART. 7: LISTADO DE PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA TFG

1. A dirección do centro aprobará e publicará un listado de propostas temáticas, indicando polo menos o Grao aos que van destinadas, a titora ou titor académico responsable, e, en cada proposta, o número de prazas que se ofrecen.
2. O listado fixará un prazo para que o alumnado formalice a solicitude de asignación de propostas temáticas co respectivo titor/a académico.

3. Sempre que a Facultade dispoña dela, este proceso realizarase mediante unha aplicación informática.

ART. 8: ASIGNACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS E TITORES ACADÉMICOS

1. Para a asignación das propostas temáticas atenderase, preferentemente e en primeiro lugar, ao acordo entre o alumno/a e o titor/a académico. Se non for o caso, tomarase en conta o expediente académico ou o sorteo para fixar unha orde de selección de propostas temáticas.
2. Sempre que a Facultade dispoña dela, este proceso realizarase mediante unha aplicación informática.
3. Ao comezo do primeiro cuatrimestre, a Comisión publicará un listado coa asignación definitiva de propostas temáticas e titores académicos conforme aos anteriores criterios.
4. Poderase reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais perante a dirección do centro.
5. A asignación de titor/a académico e proposta temática de TFG será válida durante dous cursos académico no que se atopa matriculado a alumna ou alumno.
6. Non obstante, o estudante poderá solicitar un cambio tanto da titora ou titor como do tema do seu traballo. Do mesmo xeito, a persoa titora tamén poderá solicitar cambio de estudante asignado e de temas ofertados. En ambos os casos axustaranse ao calendario e impreso establecido a tal efecto.

ART. 9: TRIBUNAL AVALIADOR DO TFG

1. O tribunal avaliador será nomeado antes do comezo do 2º cuatrimestre, actuando durante todo o curso académico.
2. A dirección do centro nomeará os tribunais de avaliación do traballo de fin de grao entre o profesorado da titulación, ou, se for necesario, de titulacións afíns. No caso de non haber profesorado suficiente poderá nomearse outro profesorado. Este constituirase polo menos por tres persoas, cos seus respectivos suplentes, que exercerán presidencia, secretaría e as funcións de vogal.
3. Sempre que sexa posible, empregaranse mecanismos que impidan que recaian nas mesmas persoas a súa pertenza ao tribunal.
4. Debido ao número do estudantado matriculado, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.

ART. 10: SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TFG

1. O alumno/a solicitará a defensa do TFG unha vez recibido o informe favorable da persoa titora. Os centros establecerán o procedemento de depósito do traballo e os prazos para realizar a solicitude de defensa. Excepcionalmente, a Xunta do Centro ou, de ser o caso, a comisión delegada, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante.
2. A efectos de avaliación, o titor/a académico emitirá un informe de idoneidade na súa secretaría virtual no que valorará (de 0 a 10 puntos) o labor realizado pola alumna/o durante o período do TFG.
3. En atención ás solicitudes presentadas, a Comisión establecerá, de acordo co Tribunal avaliador, e publicará a orde para a celebración do acto de presentación pública do TFG con anterioridade á data establecida.
4. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de

entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

ART. 11: ACTO DE PRESENTACIÓN E DEFENSA PÚBLICA DO TFG

1. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data e hora asignada. De maneira excepcional, a dirección do centro poderá aprobar outra modalidade, previa solicitude formal e motivada do alumno/a e sempre que sexa posible.
2. O alumno/a exporá, nun tempo máximo de quince minutos, un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas.

ART. 12: AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFG

1. A persoa titora emitirá unha cualificación empregando a grella de avaliación aprobada polo centro.
2. Celebrado o acto de presentación pública do TFG, o Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo titor académico, a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do alumno/a. O tribunal emitirá unha cualificación empregando a grella de avaliación aprobada polo centro.
3. As persoas titoras poderán, polo menos, estar presentes con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación.
4. A cualificación será a suma da cualificación do Tribunal (de 0 a 10 puntos equivalente ao 70% da nota final) máis a valoración do titor (de 0 a 10 puntos equivalente ao 30% da nota final). A valoración do Tribunal será a media aritmética das notas atribuídas por cada un dos seus membros. Neste punto o Tribunal rexerá polo disposto nas Normas de Xestión Académica para as titulacións de Grao regulados polo Real Decreto 1393/2007 vixentes na Universidade de Vigo.
5. As deliberacións do Tribunal para cualificar o TFG serán a porta pechada. Unha vez finalizado o acto de defensa, o tribunal fará pública a cualificación.
6. Ao remate da avaliación e cualificación da totalidade dos TFG do grado, o Tribunal avaliador poderá conceder mencións de matrícula de honra de conformidade coa normativa.
7. No caso de que a cualificación do TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5.0), o Tribunal deberá indicar aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora para conseguir a antedita cualificación.

ART. 13: REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DO TFG

1. No prazo de dous días hábiles contados desde a publicación das cualificacións provisionais do TFG, o alumno/a poderá solicitar a revisión da devandita cualificación.
2. Na solicitude de revisión deberá expresar de forma motivada, os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada. O Tribunal avaliador no caso de desestimar a solicitude, deberá motivar a súa resolución.
3. Trala revisión de cualificación ante o tribunal correspondente e a publicación das cualificacións finais, o/a estudante que estivese desconforme coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días, naturais a partir da publicación das cualificacións, solicitar a revisión das probas a través do centro.

ART. 14: NORMAS SUPLETORIAS

1. En todos aqueles aspectos non previstos neste Regulamento será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo e demais normativas xerais vixentes.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Normativa entrará en vigor a partir do inicio do curso 2017/18.